




LETRAS

GALEGAS



2011



É xa hora de que señas
toda patria dos teus
dos que gardaron a fala

en que máis se dixo

adeus

e señas dona de ti e
señora de falar
señora de decidir e dona
de se negar

Letras

galega 2011

Romance HISTORIA DA LINGUA GALEGA

Coñecedor profundo da nosa historia e versificador magnífico, **Darío Xohán Cabana**, poeta chairego, creou unha “Historia da Lingua Galega” que ven ser un canto solemne á lingua milenaria que os galegos herdamos e poderemos transmitir ós que veñan despois de nós.

Miñas donas e señores,
nenos, vellos e medianos,
esta historia verdadeira
xa comeza cos romanos.
Era unha vez unha terra
que **Gallaecia** era chamada,
onde había moitas tribos
nunha idade antepasada.
Fabricaban xoias de ouro
de fina ourivesería,
mais as linguas ignoramos,
pois ningunha se escribía.
Chegaron despois de Roma
xentes ben organizadas,
que gañaron esta terra
polas armas esforzadas.



Asentáronse os romanos
en cidades que fixeron,
os antigos poboadores
dos seus castros descenderon.
Mesturáronse os dous pobos,
Galicia por súa a tiña.
vencidos e vncedores,
e ó cabo dun certo tempo
non quedaron máis rancores.
Os romanos posuían
unha avanzada cultura,
e adiantaron moito as artes,
o comercio, a agricultura.
Falaban estes romanos
a ilustre lingua latina,
e ó cabo de pouco tempo,




Media Europa e máis aínda falaba latín daquela coma Horacio e coma Ovidio, coma Plauto e Columela.

Mais é de todos sabido que a lingua que se falaba non era o latín escrito, anque moito lle imitaba.

Latín vulgar era a fala na que entonces se entendía desde o Miño ata o Danubio canta xente alí vivía.

Desfeito o Imperio Romano polas armas dos xermanos, a lingua foise rompendo, porque todo vai mudando

HORACIO



OVIDIO

Neste extremo de occidente xa o falar se diferencia do que falan en Italia en Romenia e en Provenza. Xa non podemos chamarlle lingua latina a esta fala, e chamámoslle galego pra poder diferenciala.

Toda a xente desta terra sen ningunha distinción fala nesta nova lingua que é o idioma da nación. Os clérigos inda escriben na antiga lingua romana, pero o pobo non a entende, pois xa queda ben lonxana




A luz máis bela de Europa
resplandía en Compostela
como en terras de Occitania
de onde viña tanta estrela.

Historias de cabaleiros
e miragres de Santiago
en galego se contaban,
e as fazañas dos troianos.
E ordenanzas se escribían
e crónicas e tratados
e os acordos dos concellos
en galego eran labrados.
Mais despois tempos viñeron
que Galicia esmorecía,
porque nobres e señores
cometeron felonía




Viñeron xentes de fóra,
xentes de dentro marcharon,
e a lingua da nosa xente
nos escritos olvidaron.
Galicia foi sometida

polo xugo de **Castela**,
e os que mandan en Galicia
non falan na língua dela.
Pero as xentes desta terra,
columna do noso pobo,
non deixan de ser galegos
nin falan idioma novo.
Artesáns e mariñeiros
e burgueses e labregos
levan no peito Galicia
e nos labios o galego



Inda que os bispos de fóra
mandan rezar noutra língua,
a xente fala na súa
Galicia non sofre míngua.
Así van pasando os anos,
anos a ducias e centos,
e moitos anos máis tarde
fala o bo Martín Sarmiento.



Padre Sarmiento Bien

non queredes fóra un cre
nin oficial de xusticia
que non fale en bo galego
Douscentos anos pasaron
desque escribiu este frac
e inda todo o que el quer
disto ben de ser verdade




Ó principio do oitocentos
toda Galicia falaba
na lingua dos devanceiros
e ninguén se avergonzaba.
Pero en seguida empezaron
as xentes acomodadas
a pensar que eran máis finas
as palabras importadas.
Galicia xa tiña fendas,
xa o seu corpo se crebaba
pola mor dos desleigados
que a súa lei non lle gardaban.
Pero había peitos nobres
que pensaban doutro modo,
e anque en Carral os mataron
nunca os mataron de todo.





Así falaba un poeta
noutro tempo deste asunto,
poñerlle á historia punto.
Esta historia é diferente
doutros romances de cegos;
non se sabe inda o remate,
pois depende dos galegos.
Nenos, homes e mulleres
desta terra adormentada,
rematouse xa o romance,
e escomenza a pandeirada.....



ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA

ARTIGO 5


A lingua propia de Galicia é o galego

Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.

Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilita-lo seu coñecemento.

Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.

FÓRA DE GALICIA



FALASE GALEGO

GALEGO EN ASTURIAS

O galego de Asturias refírese ao galego que se fala no occidente do actual Principado de Asturias, ás veces denominado por lingüistas da escola madrileña como galego-asturiano[1] e que chega polo norte ata uns oito quilómetros da beira dereita do río Navia[2]. Esta é unha zona onde e constatábel a súa pertenza xeo-antropolóxica galaica tanto na toponimia e na cultura (cultos, lendas, patrimonio inmaterial) como en elementos arquitectónicos diferentes como os cabazos (hórreos) ou os lousados das casas, semellantes aos da bisbarra da Mariña ou da Terra Chá.



El gallego-asturiano, eonaviego, llingua eonaviega, gallegu d'Asturies, fala del occidente d'Asturies (o simplemente a fala pa los sos falantes) ye un conxuntu de fales (o *fales*), que descende del latín y del galego-portugués, y qu'afita' so dominiu llingüísticu, como'l so nome indica, na estaya asturiana comprendida ente los ríos Navia y Eo, si bien el so área d'influencia abargana tamén zonas máis orientales que citáu río Navia. Esti territoriu conozse como Fastera del Navia-Eo.

GALEGO NO BIERZO

O curso escolar 2005-06 presentou para o alunado berciano a novidade de poder estudar o idioma galego como unha materia optativa máis en cuarto do Ensino Secundario Obrigatorio. A correspondente Orde da Consellería de Educación da Junta de Castela e León, de xullo de hogano, regula o currículo da asignatura de Lingua e Cultura Galegas, concretando os seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación. A súa oferta por parte dos centros educativos de O Bierzo non require previa autorización da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Educativa castelá, e deberá ser impartida por profesorado habilitado en idioma galego. É importante indicar que a aprobación desta nova materia polo alunado servirá para obter a correspondente titulación oficial por parte da Xunta de Galicia



GALEGO EN ZAMORA

En Zamora, os concellos de Porto, Pías, Lubián e Hermisende, situados entre a Portela da Canda e a de Padornelo, son de lingua galega. Da mesma maneira, na vila de Calabor (100 habitantes), a 4 km da fronteira portuguesa, no concello xabrés de Pedralba de la Pradería, fálase un galego de transición.

Os pobos son
grandes pol-a
cultura.



Mercade
Libros
Galegos.



Onde se fala exactamente este galego de Extremadura ?

En Extremadura hai tres concellos, no norte, na parte occidental que linda con Portugal e Salamanca, que se chaman **as Ellas, San Martín de Trebelle e Valverde do Fresno** e neles fálase o galego medieval. A orixe disto está na reconquista, con Fernando II e Alfonso IX de León e Galicia, segundo está documentado, que construíron os castelos de Trebello, de Salvaleón e de Rella, xa un pouco máis tarde. Nestes lugares seguimos falando aquel galego. O problema que temos é que estamos moi separados de Galicia e é unha alegría cada vez que van os galegos alí, ou cada vez que vimos nós, cando nos atopamos entendémonos bastante ben, pero estivemos un pouco abandonados. Ó estar por un lado Portugal e por outro pobos castelánfalantes non houbo case ningún apoio institucional nin medios para facer algo de literatura, medios didácticos, introducirmos en internet, realizar publicacións.



Nos concellos norcacereños de **Valverde do Fresno, As Ellas e San Martiño de Trebello**, a totalidade dos seus 5.000 habitantes **falan unhas variedades lingüísticas derivadas do galego traído a este val polos colonos da reconquista**. A Junta de Extremadura declarou o 28/10/2000 esta fala como Ben de Interese Cultural e vén promocionando encontros e congresos de especialistas, coleccións de estudos, introducción da fala na escola, etc



AS ELLAS

A Fala de Estremadura, tamén coñecida como galego de Estremadura, galego extremeño, fala de Xálima ou fala dos tres lugares, é unha variedade lingüística galego-portuguesa^[1] falada nos concellos de San Martín de Trebello, Valverde do Fresno e As Ellas, no Val de Xálima, no noroeste



O 100% di entender perfectamente o galego (contan anécdotas de cando coinciden con galegos na emigración ou no servizo militar e se fan pasar por galegos sen problema ningún). Ó 90-95% gustaríalle ter medios audiovisuais e escritos na fala "pa adeprendela a escribir e a falar ben". Un 84% queredría que a fala se estudiase na escola, e mesmo estaría disposto a asistir a cursos para aprender a escribir na fala. Case todo o mundo usa a fala en función familiar e social, sobre todo nas Ellas e San Martiño.



VALVERDE DO FRESNO



Valverdeiro.

"Comu hemus falau dus mozus mais valentis du lugal, entocis alguns eran muy jándalus. Ei sendu pequenu, le uiví un día una palreira a dois vellus que espritaban u sol na praza; niñún dus dois levantaba una vara du solu, ya us probis eran ringaus, seguru pur u pesu dus anus y us mutus traballus pasaus. Sustribaus contra a paré y apoyaus en tortas cayás de carballu, un le dicía au otro:

Para rematar, o poema *Durmil a Rucíu*, un poema anónimo orixinario de San Martín de Trebellu.

DURMIL A RUCÍU

Sempris me gustou
durmil a **rucíu**
en o tempu bô
i en noitis sin fríu.
Debaixu un castañu
ou de uma figueira,
con colchón de fiêitus
i sin cabeceira
Un **berrendu** basta
pâ de mairugâ,
i **deli ao recencio**:
¡cuau con atacal!
Mais tô nun encantu
porque algún mochuelu,
con lúgrubi cantu,
asusta aos pequenus
I aos sapus, i ás rãs,
i aos grilus i aos perrus,
seis concertus dan
de alegrías o meus.
- ¿ A que agora canta -
un sapu, verdai...?

DURMIR AO SERENO

*Sempre me gustou
dormir ao **sereno**
no tempo bo,
e en noites sen frío.
Debaixo dun castiñeiro
ou dunha figueira,
con colchón de feitos
e sen cabeceira.
Una **manta** chega
para de madrugada,
e dicirlle ao relente:
¡Coidado con atacar!
Mais todo non encanta,
porque algún mouchiño
con lúgubre canto,
asusta aos pequenos.
E aos sapos e ás ras,
e aos grilos e aos cans,
os seus concertos dan
de alegrías ou medos.
¿A que agora canta
un sapo, verdade...?*



Letras Galegas

O Día das Letras Galegas é un día de exaltación da lingua de Galicia a través da súa manifestación literaria. Comezou a celebrarse o 17 de maio do 1963, coincidindo co centenario da primeira edición de *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro.



1963 || || || || || || || || 2011



Para conmemorar o primeiro día das letras publicouse unha de *Cantares gallegos*, realizada por Fermín Bouza Brey. A festividade tivo un alcance e unha significación extraordinarios, e foi moi ben acollida non só a nivel literario senón tamén nos ambientes populares. Dende aquela dedícase o día de cada ano a unha figura significativa da literatura galega, coa única condición de que no ano da súa conmemoración teña pasado un mínimo de dez dende a data de falecemento da persoa homenaxeada.

AUTORES

1963 Rosalía de Castro
1964 Alfonso Daniel Rodríguez
Castelao
1965 Eduardo Pondal
1966 Francisco Añón Paz
1967 CURROS ENRÍQUEZ
1968 Florentino López Cuevillas
1969 Antonio Noriega Varela
1970 Marcial Valladares Núñez
1971 Gonzalo López Abente
1972 Valentín Lamas Carvajal
1973 Manuel Lago González
1974 Xoán V. Viqueira Cortón
1975 Xoán Manuel Pintos Villar
1976 Ramón Cabanillas
1977 Antón Vilar Ponte
1978 Antonio López Ferreiro
1979 Manuel Antonio
1980 Afonso X o Sabio

1981 Vicente Risco
1982 Luis Amado Carballo
1983 Manuel Leiras Pulpeiro
1984 Armando Cotarelo
Valledor
1985 Antón Lousada Diéguez
1986 Aquilino Iglesia Alvariño
1987 Francisca Herrera
Garrido
1988 Ramón Otero Pedrayo
1989 Celso Emilio Ferreiro
1990 Luis Pimentel
1991 Álvaro Cunqueiro
1992 Fermín Bouza-Brey
1993 Eduardo Blanco Amor
1994 Luis Seoane
1995 Rafael Dieste
1996 Xesús Ferro Couselo
1997 Ánxel Fole

-1998 Xoán de Cangas,
Martín Códax
Mendinho
1999 - Roberto Blanco
Torres
2000 - Manuel Murguía
2001 - Eladio Rodríguez
2002 - Fray Martín
Sarmiento
2003 - Antón Avilés de
Taramancos
2004 - Xaquín Lorenzo,
Xocas
2005 - Lorenzo Varela
2006 - Manuel Lugrís
Freire
2007 - María Mariño
2008 - Xosé María
Álvarez Blázquez
2009 - Ramón Piñeiro
López
2010 - Uxío Novoneyra

1 **LOIS PEREIRO**

HOMENAXEADOS

A LINGUA




Cantarte hei, Galicia,
na lingua gallega,
consolo dos males,
alivio das penas.

Mimosa, soave,
sentida, queixosa;
encanta si ríe,
conmove si chora.

Cal ela, ningunha
tan doce que cante
soidades amargas,
sospiros amantes

GALLEGA



FALADE

GALEGO



Meniñas da Cruña
de amabre despexo,
de falas graciosas
e pasos lixeiros,
deixá de Castela
os duros acentos:
falade, meniñas,
falade galego.

Cando é que vos ouzo,
a patria esquecendo,
falar esas duras
palabras de ferro,
non sei o que sufro,
non sei o que peno:
falade, miniñas,
falade galego

Mais cando falades
nos patrios acentos,
envoltos no voso
anxélico alento,
parece que esculto
un canto do ceo:
falade, miniñas,
falade galego.



AI VEN O MAIO!



Para min non hai maio,
¡pra min sempre é inverno!...
pide un maio
sen bruxas nin demos;
un maio sen segas,
usuras nin preitos,
sen quintas, nin portas,
nin foros, nin cregos.



¡Que triste está a aldea,
que triste e que sola!
¡A terra sen frutos, a feira sen xente,
sen brazos o campo,
sen nenos a escola,
sen sol o horizonte, sen flor a semente!



LETRAS 2011

A RAG escolle a Lois Pereiro para as Letras Galegas 2011

luns, 28 xuño 2010

LOIS PEREIRO



Lois Pereiro, figura das Letras Galegas 2011

Manuel Rivas, que propuxo a candidatura do escritor, cuxo nome logrou impoñerse ao de autores como Carballo Calero ou Filgueira Valverde, di que "foi unha decisión moi valiente"

A SÚA VIDA

Lois Pereiro naceu en Monforte de Lemos (Lugo) en 1958. Con dezasete anos marcha a Madrid para cursar estudos en Políticas que abandona logo para introducirse na informática e nos idiomas. En Madrid inicia a súa traxectoria literaria na revista experimental Loia xunto cun grupo de universitarios galegos como Antón Patiño, Menchu Lamas, Manuel Rivas, Xosé Manuel Pereiro, Fermín Bouza e Vicente Araguas, e da que só se coñecen catro números (o último é de 1978).

AlyssaLoeber © 2005
free use allowed



MONFORTE DE LEMOS

Monforte de Lemos é un concello galego, capital da comarca da Terra de Lemos e da Ribeira Sacra; é o segundo concello máis poboado da provincia de Lugo, despois do de Lugo.



ysalover © 2005
re use allowed



CORUÑA 1996

Cara a 1981 marcha a vivir á Coruña, onde se une á revista la Naval. Entrou en contacto cun grupo de poetas entre os que figuraban Xavier Seoane, Francisco Salinas Portugal ou Xulio Valcárcel, participando en varias antoloxías coma De amor e desamor (1984) e De amor e desamor II (1985), e colaborando no mantemento da revista Luzes de Galiza, onde se publicarían en 1997 os oito primeiros capítulos da novela inconclusa Náufragos do Paraíso




De esquerda a dereita: Pilar Pallarés, M. A. Fernán Vello, X. Mato Fondo, Xúlio Valcárcel, Manuel Rivas, F. Salinas Portugal, Lois Pereiro, Lino Braxe, Xavier Seoane e Xosé Devesa.




Publicou dous poemarios en vida, Poemas 1981/1991 (1992) e Poesía última de amor e enfermidade (1995). No 1996, ano da súa morte a mans da Sida, saíu á luz Poemas para unha Loia, que recolle obras da época madrileña, publicadas na revista Loia, e que inclúe o ensaio Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infamia, publicado no nº 27 de Luzes de Galiza.

Características da súa poesía



Autor de culto, representante da eclosión creativa dos 80 e da contracultura. "Nas letras galegas constitúe unha liña de intensidade vital e de formas contemporáneas. Alguén, como di Manuel Rivas, semellante á figura de Manuel Antonio nos anos 20". Con estas palabras presentaba Méndez Ferrín, presidente da Real Academia Galega (RAG) a Lois Pereiro, o autor que se homenaxea no Día das Letras Galegas 2011. Del dixo tamén Manuel Rivas: "é un mito contemporáneo. A súa obra é vangardista, universal e tamén dramática, pero con moito alento. Lois Pereiro invoca aos bos espíritos, as marabillas, a rebeldía e a xenerosidade".



AS SÚAS OBRAS



Ten dous libros publicados, en Edicións Positivas: **Poemas 1981/1991** (1992) e **Poesía de amor e enfermidade** (1995) e 8 capítulos dunha novela sen acabar, **Náufragos do paradiso**, que publicou a revista Luzes de Galiza nun dos seus últimos números



Dos poemas Luz e sombras de amor resucitado

Tristemente convivo
coa túa ausencia
sobrevivo á distancia que
nos nega mentres
bordeo a fronteira entre
dous mundos sen decidir
cal deles pode darme a
calma que me esixo para
amarte sen sufrir pola
túa indiferencia a miña
retirada preventiva.



DOS POEMAS PÓSTUMOS

Somentes

intentaba conseguir

deixar na terra

algo de min que me sobrevivise

sabendo que debería ter sabido

impedirme a min mesmo

descubrir que só fun un interludio

atroz entre dous muros de silencio

só puiden evitar vivindo á sombra



A MORTE NA OBRA DE LOIS PEREIRO

Se a morte é un incidente necesario
que me penetre calada e sen furia
a traizón e uniformemente cruel
co suor que polas noites crea o fracaso
dun corpo que coñece os seus dominios
vencido pola ofensa continuada dos feitos.



PERDE O ALENTO

corredor de fondo perde o alento
fuxindo dunha vida inzada de
renuncias
da súa liturxia obesa e oleosa,
mediocre nos seus comunais
fracasos,
goas de xelo, indignación contida
n deus chegado a tempo de exercer
a súa rebelión,
nin de levar a cabo
a súa vinganza definitiva
ntra un mundo inxusto, homicida,
e cruel,
ola inutilidade da súa propia vida
solitario, enfermo e fatigado,



a súa vinganza definitiva

contra un mundo inxusto, homicida, e cruel



pola inutilidade da súa propia vida,

solitario, enfermo e fatigado,

a morte anticipouse e chegou antes.

outono 95